ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE RIANXO

DESCRICIÓN DOS DIFERENTES POSTOS DE TRABALLO A INCLUÍR NA RPT. FICHAS DESCRITIVAS DOS POSTOS

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

Aclaracións previas

A descrición de funcións contida nestas fichas non pretende ser exhaustiva e realízase, en todo caso, sen prexuízo de que aos ocupantes dos postos se lles poida requirir, por xustificadas razóns de servizo, o desenvolvemento de calquera outra función, tarefa ou responsabilidade non expresamente recollida na ficha descritiva do posto de traballo desempeñado, sempre que resulten axeitadas a súa escala, subescala, clase categoría e clasificación/capacitación profesional e/ou legal inherentes, e nos termos e cos límites previstos por norma; así como aqueloutras funcións no seu caso amparadas nas disposicións normativas ou instrumentos de ordenación administrativa e/ou do persoal que poidan estar vixentes no Concello en cada momento.

E procede tamén advertir que no caso dos postos que se corresponden cos previstos e descritos no Plan de Estabilización no Emprego Público do Concello de Rianxo (PEEPR), ou que resultan equivalentes/asimilables, a descrición funcional contida nas fichas adecúase á xa prevista no mesmo (ditos postos aparecen identificados mediante a indicación do código do posto do PEEPR correspondente)

Igualmente, nestas fichas descritivas dos postos tamén se sinala (no apartado indicativo da **ADSCRICIÓN ORGÁNICA)** a división organizativa/administrativa de pertenza (DEPARTAMENTO/SERVIZO/UNIDADE), o tipo de persoal ao que se reserva/vincula o seu desempeño ("F", persoal funcionario; "L", persoal laboral; "E", persoal eventual/de confianza), así como o seu **perfil profesional** (clasificación profesional). Neste último aspecto da **clasificación profesional**, nos postos de persoal funcionario indícase o **GRUPO PROFESIONAL** de pertenza (segundo o sistema fixado ao efecto, e aplicable ao persoal funcionario municipal, no artigo 76 do EBEP), así como a **ESCALA, SUBESCALA E CLASE** de integración (segundo o previsto, ao efecto, na normativa de réxime local; nomeadamente nos artigos 167 a 175 do TRRL); **mentres que no caso de persoal laboral unicamente o GRUPO PROFESIONAL** (consonte ao sistema de clasificación profesional fixado polo Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello que se vén de ser asinado e aprobado), dada a inexistencia de escalas/subescalas/clases para este tipo de persoal.

Asemade, tamén se incorpora un apartado de OBSERVACIÓNS no que se sinalan outros aspectos/circunstancias determinantes para a definición dos postos, a súa

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

cobertura/desempeño e a súa valoración retributiva, ou referidos a calquera outra cuestión relevante e/ou de consideración necesaria.

Debendo sinalar, por último, que o CÓDIGO incorporado en cada unha das fichas responde á finalidade de dotar, aos diferentes postos, da corresponde e obrigada identificación individualizada de cada un deles. Numeración que, en todo caso, tamén se reproducirá no cadro RPT, e que se corresponderá coa posición e/ou adscrición orgánica de cada un dos postos dentro do Organigrama Administrativo definido; de tal xeito que cada parella de díxitos se corresponderá cos diferentes niveis da división administrativa/organizativa fixados (Servizo/Unidade), sendo os dous últimos os correspondentes ao posto.

PROVISIÓN.- O sistema ordinario para a provisión definitiva dos postos será o CONCURSO (C), agás nos postos de Xefatura de Servizo, nos que se realizará por LIBRE DESIGNACIÓN (LD); e sen prexuízo do procedemento específico de provisión/cobertura legalmente previsto para os postos reservados a funcionarios de habilitación nacional ou, no seu caso, naqueloutros supostos especiais contemplados pola normativa.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

01. SERVIZO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL

CÓDIGO	01.00.01
DENOMINACIÓN	SECRETARÍA-XEFE/A SERVIZO
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	HABILITACIÓN NACIONAL/SECRETARÍA (CATEGORÍA DE ENTRADA)
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir o exercicio da función pública de Secretaría, e actuacións/tarefas e responsabilidades administrativas inherentes, nos termos e co alcance fixados polas previsións normativas aplicables, ao efecto, en cada momento (art. 92.bis da LBRL, RD 128/2018 e/ou aqueloutra normativa concordante, substitutiva e/ou vixente, ao respecto, en cada momento) Asumir a dirección dos servizos/unidades e postos/persoal aos que, en cada momento, e segundo RPT ou instrumento organizativo similar vixentes, se teña atribuído a realización/desenvolvemento das actuacións/tarefas inherentes ao exercicio da función pública de Secretaría (segundo o alcance fixado por norma). Asumir, asemade, e con arranxo á habilitación e criterios contemplados no artigo 6.3 do RD 128/2018 (ou previsións normativas concordantes/substitutivas), estoutras responsabilidades funcionais: - Xefatura e coordinación xeral do Servizo; asumindo, a tal efecto, a coordinación operativa do persoal e actuacións propias, así como a supervisións/asistencia técnico-administrativa xeral ao respecto do conxunto de expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver no seo do Departamento - Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, ao marxe dos supostos preceptivos/ou legalmente previstos, cando así sexa requirido pola Alcaldía ou Concellaría competente por delegación; e no marco da súa capacitación profesional e/ou legal Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, co alcance determinado pola normativa vixente e a propia RPT

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

OBSERVACIÓNS	*ESPECIAL DEDICACIÓN*

CÓDIGO	01.01.01.
DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE ADMINISTRACIÓN XERAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL/TÉCNICA
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir, dentro da súa capacitación profesional e/ou legal, a colaboración/asistencia inmediata, ordinaria e xeral ao respecto das actuacións e/ou funcións que, con arranxo ao legalmente disposto, así como ao previsto na presente RPT, resultan propias do posto de Secretaría; asistindo á mesma, segundo directrices desta, na coordinación xeral do servizo, e asumindo, a tal efecto, a colaboración na coordinación operativa do persoal e actuacións propias, así como a supervisións/asistencia técnico-administrativa xeral ao respecto do conxunto de expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver por este. Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, e con arranxo á súa capacitación profesional e/ou legal, do conxunto de actuacións e/ou expedientes/procedementos a desenvolver/tramitar pola Unidade de adscrición Asumir o desempeño accidental da Secretaría e/ou substitución do/a titular, nos supostos e co alcance legalmente procedentes. Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, cando así sexa requirido, e no marco da súa capacitación profesional e/ou legal Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*ESPECIAL DEDICACIÓN*

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

CÓDIGO	01.01.02.
DENOMINACIÓN	ADMINISTRATIVO/A
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE ADMINISTRACIÓN XERAL
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/ SUBESCALA	
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Colaborar na xestión de expedientes e seguimento dos asuntos encomendados á división administrativa de adscrición Colaborar na organización dos respectivos servizos. Tramitar expedientes e documentos. Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que sexan facilitados pola Secretaría do Concello. Informar e orientar ao público, en defecto de auxiliares e subalternos. Distribuír e supervisar o traballo dos Auxiliares. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*FUNCIONARIZACIÓN*

(Nº 1 PEEPR)

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

CÓDIGO	01.01.03.
DENOMINACIÓN	POSTO BASE DE ADMINISTRACIÓN XERAL
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL (AUXILIAR/ADMINISTRATIVA)
GRUPO	C2/C1
FUNCIÓNS	Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden. Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes. Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes. Redactar oficios simples. Realizar tarefas de atención ó público en xeral. Transcribir documentos. Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes. Control e reposición do material de oficina do seu departamento. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

CÓDIGO	01.02.01. e 02.
DENOMINACIÓN	ADMINISTRATIVO/A
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE ATENCIÓN/INFORMACIÓN AO PÚBLICO, REXISTRO, PADRÓN E ESTATÍSTICA
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL/ADMINISTRATIVA
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Colaborar na xestión de expedientes e seguimento dos asuntos encomendados á división administrativa de adscrición Colaborar na organización dos respectivos servizos. Tramitar expedientes e documentos. Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que sexan facilitados pola Secretaría do Concello. Informar e orientar ao público, en defecto de auxiliares e subalternos. Distribuír e supervisar o traballo dos Auxiliares. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

CÓDIGO	01.02.03.*
DENOMINACIÓN	POSTO BASE DE ADMINISTRACIÓN XERAL
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE ATENCIÓN/INFORMACIÓN AO PÚBLICO, REXISTRO, PADRÓN E ESTATÍSTICA
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/ SUBESCALA	
GRUPO	C2/C1
FUNCIÓNS	Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden. Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes. Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes. Redactar oficios simples. Realizar tarefas de atención ó público en xeral. Transcribir documentos. Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes. Control e reposición do material de oficina do seu departamento. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*FUNCIONARIZACIÓN*

*(N° 2 PEEPR)

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

CÓDIGO	01.02.04.
DENOMINACIÓN	AUXILIAR ATENCIÓN AO PÚBLICO-ACTIVIDADES VARIAS
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE ATENCIÓN/INFORMACIÓN AO PÚBLICO, REXISTRO, PADRÓN E ESTATÍSTICA
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/ SUBESCALA	
GRUPO	C2
FUNCIÓNS	Asumir a realización das tarefas inherentes á custodia, vixía e peche/apertura das dependencias municipais (tamén en actos/eventos fóra da xornada habitual de apertura, cando así sexa requirido); así como á prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención ao público. Todo ilo, así como as funcións sinaladas a continuación, a desenvolver, preferentemente, nas oficinas da Casa do Concello e/ou, no seu caso, naqueloutras dependencias asignadas en cada momento; e con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes ao posto Asumir a realización material de notificacións e/ou traslados dos acordos e/ou actos do Concello, cando así sexa requirido Asumir a realización de tarefas e/ou actuacións de auxilio, atención e información pública, axenda/relacións públicas e/ou asistencia administrativa, propias da súa capacitación profesional e/ou legal, respecto da actividade ordinaria da Alcaldía Encargarse da xestión de correo e do material de oficina/consumibles; asumindo o seu pedido, almacenaxe e reposición/distribución ordinarios (baixo directrices/autorización do responsable político ou administrativo) Asumir a realización de tarefas e/ou actuacións de auxilio e/ou asistencia administrativa de natureza sinxela, de carácter operativo-loxístico e/ou que, en todo caso, non requiran dunha capacitación profesional e/ou formativa superior á esixida para o desempeño do posto Calquera outra, propia da súa escala/subescala de adscrición e/ou capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

OBSERVACIÓNS	*FUNCIONARIZACIÓN*

02.- SERVIZO DE INTERVENCIÓN

CÓDIGO	02.00.01
DENOMINACIÓN	INTERVENCIÓN-XEFE/A DE SERVIZO
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE INTERVENCIÓN
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	HABILITACIÓN NACIONAL/INTERVENCIÓN-TESOURARÍA (CATEGORÍA DE ENTRADA)
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir o exercicio das función públicas de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e presupostaria, e de contabilidade, e das actuacións/tarefas e responsabilidades administrativas inherentes; nos termos e co alcance fixados polas previsións normativas aplicables, ao efecto, en cada momento (art. 92.bis da LBRL, RD 128/2018 e/ou aqueloutra normativa concordante, substitutiva e/ou vixente, ao respecto, en cada momento) Asumir a Dirección dos servizos/unidades e postos/persoal aos que, en cada momento, e segundo RPT ou instrumento organizativo similar vixentes, se teña atribuído a realización/desenvolvemento das actuacións/tarefas inherentes ao exercicio das función públicas anteditas (segundo o alcance fixado por norma). Asumir, asemade, e con arranxo á habilitación e criterios contemplados no artigo 6.3 do RD 128/2018 (ou previsións normativas concordantes/substitutivas), estoutras responsabilidades funcionais: - Xefatura e coordinación xeral do Servizo de Intervención; asumindo, a tal efecto, a coordinación operativa do persoal e actuacións propias, así como a supervisións/asistencia técnico-administrativa xeral ao respecto do conxunto de expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver neste ámbito competencial/funcional - Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, ao marxe dos supostos preceptivos/ou legalmente previstos, cando así sexa requirido pola Alcaldía ou Concellaría competente por delegación; e no marco da súa capacitación profesional e/ou legal Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, co alcance determinado pola normativa vixente e a propia RPT

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

OBSERVACIÓNS	*ESPECIAL DEDICACIÓN*

CÓDIGO	02.00.02
DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A DE INTERVENCIÓN
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE INTERVENCIÓN.
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL/TÉCNICA
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir, dentro da súa capacitación profesional e/ou legal, a colaboración/asistencia inmediata, ordinaria e xeral ao respecto das actuacións e/ou funcións que, con arranxo ao legalmente disposto, así como ao previsto na presente RPT, resultan propias da Intervención; asistindo á mesma, segundo directrices desta, na coordinación xeral do servizo, e asumindo, a tal efecto, a colaboración na coordinación operativa do persoal e actuacións propias, así como a supervisións/asistencia técnico-administrativa xeral ao respecto do conxunto de expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver por este. Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, e con arranxo á súa capacitación profesional e/ou legal, do conxunto de actuacións e/ou expedientes/procedementos a desenvolver/tramitar polo Servizo e/ou o Concello no eido particular da Intervención, dentro do marco competencial atribuído, ao respecto, pola normativa de aplicación. Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco da súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda. Asumir o desempeño accidental da Intervención e/ou substitución do/a titular, nos supostos e co alcance legalmente procedentes. Asumir, dentro da atribución funcional sinalada na presente, e con

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	carácter inherente ao seu efectivo desenvolvemento, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención ao público. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*ESPECIAL DEDICACIÓN*

CÓDIGO	02.00.03
DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A LICENCIADO/A EN EMPRESARIAIS
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE INTERVENCIÓN.
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/ SUBESCALA	
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, e con arranxo á súa capacitación profesional e/ou legal, do conxunto de actuacións e/ou expedientes/procedementos a desenvolver/tramitar polo Servizo e/ou o Concello no eido particular da Intervención, baixo as directrices do/a ocupante deste posto, e dentro do marco competencial atribuído, ao respecto, pola normativa de aplicación. Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco da súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda. Asumir o desempeño accidental da Intervención e/ou substitución do/a titular, nos supostos e co alcance legalmente procedentes. Asumir, dentro da atribución funcional sinalada na presente, e con carácter inherente ao seu efectivo desenvolvemento, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención ao público. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

OBSERVACIÓNS	*FUNCIONARIZACIÓN*

CÓDIGO	02.00.04.
DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE INTERVENCIÓN.
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL/ADMINISTRATIVA
GRUPO	C1/B*
FUNCIÓNS	Asumir, con arranxo á súa capacitación profesional e/ou legal a asistencia técnica e operativa xeral e/ou requirida respecto da xestión electrónica/informática dos expedientes, procedementos e asuntos a tramitar/desenvolver polo Servizo e/ou o Concello no eido particular da Intervención, baixo as directrices do/a ocupante deste posto, e dentro do marco competencial atribuído, ao respecto, pola normativa de aplicación. Asumir funcións de apoio administrativo xeral, propias da súa capacitación profesional e/ou legal, respecto dos dos expedientes, procedementos e asuntos a tramitar/desenvolver polo Servizo e/ou o Concello no eido particular da Intervención, baixo as directrices do/a ocupante deste posto, e dentro do marco competencial atribuído, ao respecto, pola normativa de aplicación Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco da súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

OBSERVACIÓNS	*FUNCIONARIZACIÓN*

** Desempeño por persoal do grupo profesional B tras proceso de reclasificación neste grupo do persoal municipal ocupante do mesmo, ao abeiro do previsto ao efecto no Convenio Colectivo*

03.- SERVIZO DE TESOURARÍA E RECADACIÓN

CÓDIGO	03.00.01
DENOMINACIÓN	TESOURARÍA-XEFE/A SERVIZO
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE TESOURARÍA E RECADACIÓN
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	HABILITACIÓN NACIONAL/INTERVENCIÓN-TESOURARÍA
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir o exercicio das funcións públicas de tesouraría e recadación, e das actuacións/tarefas e responsabilidades administrativas inherentes; nos termos e co alcance fixados polas previsións normativas aplicables, ao efecto, en cada momento (art. 92.bis da LBRL, RD 128/2018 e/ou aqueloutra normativa concordante, substitutiva e/ou vixente, ao respecto, en cada momento) Asumir a Dirección dos servizos/unidades e postos/persoal aos que, en cada momento, e segundo RPT ou instrumento organizativo similar vixentes, se teña atribuído a realización/desenvolvemento das actuacións/tarefas inherentes ao exercicio das funcións públicas anteditas (segundo o alcance fixado por norma). Asumir, asemade, e con arranxo á habilitación e criterios contemplados no artigo 6.3 do RD 128/2018 (ou previsións normativas concordantes/substitutivas), estoutras responsabilidades funcionais: - Xefatura e coordinación xeral do Servizo de Tesouraría e Racadación; asumindo, a tal efecto, a coordinación operativa do persoal e actuacións propias, así como a supervisión/asistencia técnico-administrativa xeral ao respecto do conxunto de expedientes/procedementos a tramitar neste ámbito competencial/funcional - Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, ao marxe dos supostos preceptivos/ou legalmente previstos, cando así sexa

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	requirido pola Alcaldía ou Concellaría competente por delegación; e no marco da súa capacitación profesional e/ou legal - Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, co alcance determinado pola normativa vixente e a propia RPT
OBSERVACIÓNS	*ESPECIAL DEDICACIÓN*

CÓDIGO	03.00.02
DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A DE TESOURARÍA
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE TESOURARÍA E RECADACIÓN.
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL/TÉCNICA
GRUPO	A1
	Asistir á tesouraría en: • Confección da documentación integrante das propostas de acordo de aprobación ou imposición de ordenanzas de tributos, ou da súa modificación, así como nos regulamentos ou disposicións de carácter xeral no seu ámbito competencial, baixo as directrices do/a superior xerárquico/a • Supervisión do correcto cumprimento das Instrucións ditadas pola Tesouraría relacionadas coa súa área de traballo • Supervisión do correcto cumprimento dos contratos relacionados co seu ámbito competencial Elevar á Tesouraría, e a petición desta, dos estudos para introdución de novas metodoloxías ou dinámicas/formas de xestión que permitan o incremento da eficiencia do servizo Coordinar, de acordo coas directrices da Tesouraría, ao persoal adscrito ao Servizo, prestando apoio ao persoal administrativo de rango superior Instruír e propor a resolución de recursos administrativos presentados contra actos de aplicación e efectividade de tributos e ingresos de dereito público Conformar a información dos expedientes xudiciais que requira a unidade de Secretaría Asumir a elaboración a elaboración e tramitación telemática de declaracións informativas á Axencia Tributaria (modelos 303, 111,115, 123, 347, 190, entre outros análogos e/ou requiridos) Asumir a elaboración e tramitación de expedientes sancionadores en materia tributaria Asumir a redacción material de PPT dos contratos que se refiran a servizos ou materias atribuídas Asumir a actuación en calidade/condición de actuario nos expedientes de inspección tributaria Colaborar coa Tesouraría na avaliación/mellora de modificacións no Sistema de Información Tributario ou na introdución de melloras nas aplicacións, programas ou soportes utilizados polo

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	Servizo Asumir a emisión de informes técnico-xurídicos encomendados pola Tesouraría, así como aqueloutros informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco da súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda. Asumir o desempeño accidental da Tesouraría, en caso de ausencia do/a titular, nos supostos e co alcance legalmente procedentes. Asumir, dentro da atribución funcional sinalada na presente, e con carácter inherente ao seu efectivo desenvolvemento, a prestación ordinaria e material dun servizo de atención e información pública (presencial, telefónica e/ou telemática Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*ESPECIAL DEDICACIÓN*

CÓDIGO	03.01.01
DENOMINACIÓN	AXENTE RECADADOR/A
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE TESOURARÍA E RECADACIÓN. UNIDADE DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL (AUXILIAR/ADMINISTRATIVA)
GRUPO	C2/C1
FUNCIÓNS	Asumir, con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes, o desempeño das funcións indicadas a continuación e necesarias para e efectiva prestación/cobertura das competencias/actuacións asumidas polo Concello e a Unidade en materia de xestión tributaria e recadación, agás nos supostos e/ou respecto das actuacións que se teñan delegado ou externalizado; e, todo ilo, baixo a responsabilidade administrativa e directrices xerais da Tesouraría ou, no seu caso, dentro do alcance e atribucións da delegación conferida ao efecto: • Asumir a tramitación e liquidación da totalidade de impostos, taxas, prezos públicos e contribucións especias, • Asumir a tramitación dos recursos e reclamacións presentados polos contribuíntes (incluídas os referidos á súa inclusión en padróns fiscais/listas é as correspondentes liquidacións), así como a información pública xeral, respecto dos tributos municipais e, de forma específica, respecto dos que se asuma a tramitación directa; • Asumir o traslado á Secretaría municipal dos asuntos e expedientes correspondentes que deben ser obxecto de tratamento e no seu caso resolución por parte do órgano municipal competente, así como a recepción de execución dos acordos/resolucións no seu caso adoptados e propios do seu ámbito competencial

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	• Asumir a tramitación de expedientes de reintegro de ingresos de dereito público, devolucións de ingresos, cancelación de fianzas, e aqueloutros análogos • Substitución da Tesouraría e Intervención, en ausencia dos seu titulares ou designados, nos supostos e co alcance legalmente procedentes. • Asumir a práctica de notificación e requirimentos, en relacións coas asuntos/expedientes propios do seu ámbito competencial Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	

CÓDIGO	03.01.02.
DENOMINACIÓN	AUXILIAR DE RECADACIÓN
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE TESOURARÍA E RECADACIÓN. UNIDADE DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/ SUBESCALA	
GRUPO	C2/C1
FUNCIÓNS	Asumir, con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes, o desempeño das funcións indicadas a continuación e necesarias para e efectiva prestación/cobertura das competencias/actuacións asumidas polo Concello e a Unidade en materia de xestión tributaria e recadación, agás nos supostos e/ou respecto das actuacións que se teñan delegado ou externalizado; e, todo ilo, baixo as directrices directas do/A Axente Recadador exerais da Tesouraría ou, no seu caso, dentro do alcance e atribucións da delegación conferida ao efecto: • Atención e información xeral ao contribuínte • Gravado/introdución de datos con transcendencia tributaria e referidos ao ámbito ámbito da xestión recadatoria • Inscrición/incorporación formal de acordos, resolucións, decretos con transcendencia tributaria e referidos ao ámbito da xestión recadatoria • Preparación e tratamento e seguimento de notificacións • Actuacións preparatorias de confeccións de padróns fiscais/listas cobratorias • Carga da relación de debedores no CIXTEC da ATRIGA ou análogos/substitutivos • Confeccións e notificación de requirimento de emenda en procedementos de xestión tributaria

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	• Asumir atención e información pública inherentes ao Punto de Atención Catastral Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*FUNCIONARIZACIÓN*

CÓDIGO	03.02.01
DENOMINACIÓN	ADMINISTRATIVO/A DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE TESOURARÍA E RECADACIÓN. UNIDADE DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL/ADMINISTRATIVA
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Colaborar na vixía e cumprimento da normativa en relación cos tributos e ingresos de dereitos públicos municipais, así como realizar actuacións de comprobación de feitos con transcendencia tributaria Colaborar na inspección do fraude fiscal mediante a asistencia na tramitación dos expedientes de comprobación e inspección, de conformidade coas directrices do funcionario actuario Desenvolver as tarefas de carácter administrativo da inspección, mediante a tramitación e control dos expedientes administrativos correspondentes Informar sobre trámites administrativos da súa unidade cando dita información non precise dunha cualificación posterior Realizar actuacións de comprobación e verificación de datos de acordo coas directrices que dite a tesouraría ou persoa en quen esta delegue Arquivar e custodiar os expedientes da unidade, conforme ás instrucións ditadas ao efecto Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	competencial no que se integra
OBSERVACIÓNS	

04.- SERVIZO DE URBANISMO

CÓDIGO	04.00.01.
DENOMINACIÓN	ARQUITECTO/A-XEFE/A DE SERVIZO
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE URBANISMO
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/TÉCNICA (CLASE TÉCNICO SUPERIOR)
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir a xefatura e coordinación xeral do Servizo; responsabilizándose, a tal efecto, da coordinación operativa do persoal e actuacións propias, así como da supervisión xeral do conxunto de expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver polo Servizo Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, e con arranxo á súa capacitación profesional e/ou legal, do conxunto de actuacións e/ou expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver polo Servizo e o Concello no eido particular do planeamento e xestión urbanística, dentro do marco competencial atribuído, ao respecto, pola normativa de aplicación. Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, ao respecto daqueloutras actuacións e/ou expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver polo Servizo, segundo o marco competencial atribuído pola normativa de aplicación e a propia RPT, e dentro da capacitación profesional e/ou legal inherentes ao posto Asumir, dentro da súa capacitación capacitación profesional e/ou legal, a elaboración de informes, proxectos técnicos, memorias valoradas, certificacións de obras, propostas técnicas e demais documentos e/ou actuacións análogas.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	Asumir, en todo caso, e dentro destas atribucións funcionais previamente sinaladas, e con carácter inherente ao seu efectivo desenvolvemento, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención ao público Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco das súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*DISPOÑIBILIDADE*

CÓDIGO	04.01.01.
DENOMINACIÓN	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	DEPARTAMENTO DE URBANISMO. UNIDADE DE URBANISMO
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/TÉCNICA (CLASE TÉCNICO MEDIO)
GRUPO	A2
FUNCIÓNS	Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, e con arranxo á súa capacitación profesional e/ou legal, do conxunto de actuacións e/ou expedientes/procedementos a tramitar/desenvolver polo Servizo e o Concello no eido particular da disciplina urbanística, dentro do marco competencial atribuído, ao respecto, pola normativa de aplicación. Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, ao respecto daqueloutras actuacións e/ou expedientes/procedementos a desenvolver polo Servizo, segundo o marco competencial atribuído pola normativa de aplicación e a propia RPT, e dentro da capacitación profesional e/ou legal inherentes ao posto Asumir, dentro da súa capacitación capacitación profesional e/ou legal, a elaboración de informes, proxectos técnicos, memorias valoradas, certificacións de obras, propostas técnicas e demais documentos e/ou actuacións análogas. Asumir, en todo caso, e dentro destas atribucións funcionais previamente sinaladas, e con carácter inherente ao seu efectivo desenvolvemento, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención ao público

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco das súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	

CÓDIGO	04.01.02
DENOMINACIÓN	ADMINISTRATIVO/A
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE URBANISMO. UNIDADE DE URBANISMO
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/ SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL/ADMINISTRATIVA
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Colaborar na xestión de expedientes e seguimento dos asuntos encomendados á división administrativa de adscrición Colaborar na organización dos respectivos servizos. Tramitar expedientes e documentos. Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que sexan facilitados pola Secretaría do Concello. Informar e orientar ao público, en defecto de auxiliares e subalternos. Distribuír e supervisar o traballo dos Auxiliares. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

OBSERVACIÓNS	

CÓDIGO	04.02.01.
DENOMINACIÓN	ARQUITECTO/A
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE URBANISMO. UNIDADE DE REHABILITACIÓN E DISCIPLINA
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/SUBESCALA	
GRUPO	A1
FUNCIÓNS	Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, e con arranxo á súa capacitación profesional e/ou legal, do conxunto de actuacións e/ou expedientes/procedementos a desenvolver pola Unidade e o Concello en materia de rehabilitación e, concretamente, ao respecto da Área de Rehabilitación Integral (ARI) actualmente existente, así como en materia de disciplina urbanística, dentro do marco competencial atribuído, ao respecto, pola normativa de aplicación Asumir a asistencia, supervisión e informe técnico especializados, xunto coas tarefas inherentes, ao respecto daqueloutras actuacións e/ou expedientes/procedementos a desenvolver pola Unidade, segundo o marco competencial atribuído pola normativa de aplicación e a propia RPT, e dentro da capacitación profesional e/ou legal inherentes ao posto Asumir, dentro da súa capacitación capacitación profesional e/ou legal, a elaboración de informes, proxectos técnicos, memorias valoradas, certificacións de obras, propostas técnicas e demais documentos e/ou actuacións análogas.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	Desempeño transitorio/accidental da Xefatura do Servizo, e das responsabilidade/funcións inherentes, en supostos de ausencia do/a seu/súa ocupante ou naqueloutros supostos legalmente procedentes Asumir, en todo caso, e dentro destas atribucións funcionais previamente sinaladas, e con carácter inherente ao seu efectivo desenvolvemento, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención ao público Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco das súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda. Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*A AMORTIZAR (tras vacante definitiva)*

CÓDIGO	04.02.02
DENOMINACIÓN	POSTO BASE ADMINISTRACIÓN XERAL
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE URBANISMO. UNIDADE DE REHABILITACIÓN E DISCIPLINA
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/ SUBESCALA	
GRUPO	C2/C1
FUNCIÓNS	Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden. Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes. Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes. Redactar oficios simples. Realizar tarefas de atención ó público en xeral. Transcribir documentos. Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	Control e reposición do material de oficina do seu departamento. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*FUNCIONARIZACIÓN*

05. POLICÍA LOCAL

CÓDIGO	05.00.01.
DENOMINACIÓN	OFICIAL-XEFE/A POLICÍA LOCAL
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE POLICÍA LOCAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/SERVIZOS ESPECIAIS (CLASE POLICÍA LOCAL). ESCALA BÁSICA (CATEGORÍA OFICIAL)
GRUPO	C1
	Asumir a realización das responsabilidades e funcións propias da Xefatura do Corpo de Policía e da escala e categoría (oficial) de adscrición; e, todo ilo, nos termos e co alcance fixados polas previsión normativas aplicables, ao efecto, en cada momento (LBRL, Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policías Locais de Galicia e Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que desenvolve esta última; e/ou aqueloutra normativa concordante, substitutiva e/ou vixente, ao respecto, en cada momento Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco da súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que legalmente proceda; así como a emisión de informes e/ou partes de

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	incidencias sobre a prestación ordinaria do servizo Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	DISPOÑIBILIDADE PERMANENTE

CÓDIGO	05.00.02.
DENOMINACIÓN	OFICIAL
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE POLICÍA LOCAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/SERVIZOS ESPECIAIS (CLASE POLICÍA LOCAL). ESCALA BÁSICA (CATEGORÍA OFICIAL)
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Asumir a realización das funcións propias da condición de funcionario integrante do Corpo de Policía Local e, nomeadamente, da escala (básica) e categoría (Oficial) de adscrición; e, todo ilo, nos termos e co alcance fixados polas previsión normativas aplicables, ao efecto, en cada momento (LBRL, Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policías Locais de Galicia e Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que desenvolve esta última; e/ou aqueloutra normativa concordante, substitutiva e/ou vixente, ao respecto, en cada momento Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo ou actuación, no marco da súa capacitación profesional e/ou legal, cando así sexa requirido, necesario, e/ou nos supostos en que

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	legalmente proceda; así como a emisión de informes e/ou partes de incidencias sobre a prestación ordinaria do servizo Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*TRABALLO A QUENDAS. DISTORSIÓN HORARIA*

CÓDIGO	05.00.03. a 08.
DENOMINACIÓN	POLICÍA
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE POLICÍA LOCAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/SERVIZOS ESPECIAIS (CLASE POLICÍA LOCAL). ESCALA BÁSICA (CATEGORÍA POLICÍA)
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Asumir a realización das funcións propias da condición de funcionario integrante do Corpo de Policía Local e, nomeadamente, da escala (básica) e categoría (policía) de adscrición; e, todo ilo, nos termos e co alcance fixados polas previsión normativas aplicables, ao efecto, en cada momento (LBRL, Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policías Locais de Galicia e Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que desenvolve esta última; e/ou aqueloutra normativa concordante, substitutiva e/ou vixente, ao respecto, en cada momento Asumir a emisión de informes e/ou partes de incidencias sobre a prestación ordinaria do servizo.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*TRABALLO A QUENDAS. DISTORSIÓN HORARIA*

CÓDIGO	05.00.09.
DENOMINACIÓN	POLICÍA
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERIZO DE POLICÍA LOCAL
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/SERVIZOS ESPECIAIS (CLASE POLICÍA LOCAL). ESCALA BÁSICA (CATEGORÍA POLICÍA)
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Asumir a realización das funcións propias da condición de funcionario integrante do Corpo de Policía Local e, nomeadamente, da escala (básica) e categoría (policía) de adscrición; e, todo ilo, nos termos e co alcance fixados polas previsión normativas aplicables, ao efecto, en cada momento (LBRL, Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policías Locais de Galicia e Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que desenvolve esta última; e/ou aqueloutra normativa concordante, substitutiva e/ou vixente, ao respecto, en cada momento Asumir a emisión de informes e/ou partes de incidencias sobre a prestación ordinaria do servizo.

CVD: n9sbOh7xIQYB3pQGqOPn Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concelloderianxo.gal/

	Calquera outra, propia da escala/subescala de adscrición e/ou da capacitación profesional e legal inherentes, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	*Asumirá FUNCIÓNS DE APOIO AO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE, dentro da capacitación profesional e legal inherentes ao/á ocupante do posto* *TRABALLO A QUENDAS. DISTORSIÓN HORARIA*

CÓDIGO	05.00.10. e 11.
DENOMINACIÓN	AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL
ADSCRICIÓN ORGÁNICA	SERVIZO DE POLICÍA LOCAL
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/SUBESCALA	
GRUPO	C2
